

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TEO E AMES CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTES DE XESTIÓN DA EDAR DE CALO-MILLADOIRO

Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI 33.252.651X alcalde do Concello de Teo na representación do seu concello.

José M. Miñones Conde, con DNI 44.808.588B, alcalde do Concello de Ames, na representación do seu concello.

En Teo, a 19 de setembro de 2018

Ambas partes en representación dos seus respectivos concellos en uso das atribucións conferidas pola Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para prestar os servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais (artigo 25.2.c) e demais normativa sectorial de aplicación, concretamente a lei 9/2010 de 4 de novembro, de aguas de Galicia (artigo 27 e concordantes) expoñen

ANTECEDENTES

Primeiro.- En xullo de 1998 realiza o proxecto básico da obra OH. 315.440 "Saneamento en Calo e Milladoiro", pola Consellería de Política territorial, Obras públicas e vivenda da Xunta de Galicia. Para o cálculo do dimensionamento da EDAR no anteproxecto estimouse a poboación futura (na área de influenza da EDAR) dos dous concellos no ano 2023, que determinou o seguinte reparto de custes:

Concello	Poboación 2023	Proporción
TEO	7.027	63,75%
AMES	3.995	36,25%

Tendo en conta o tempo transcorrido e a realidade actual dos concellos considerase mais conveniente tomar como criterio de reparto o número de vivendas conectadas á EDAR Calo Milladoiro en lugar do número de habitantes.

Segundo.- Os custes de xestión da EDAR Calo-Milladoiro estimados pola anterior empresa concesionaria da EDAR (Espina & Delfín SL) e presentados nunha reclamación xudicial ao concello de Teo para o ano 2009, debidamente actualizados co incremento do IPC de 2012, eran de 144.417,98 €/ano, ao que habería que sumar 21.137,06€ de xestión de Lamas que reclamou nun novo proceso contencioso. Estas cifras aportadas pola empresa que ata aquel

momento xestionaba o servizo de abastecemento e saneamento en Ames, ascende a un total de 165.555,04 €/ano como gastos de xestión da EDAR Calo-Milladoiro.

No ano 2013 o alcalde do Concello de Teo trasladouille ao alcalde do de Ames o estudo da nova empresa xestora da EDAR Calo-Milladoiro (Aquagest), que establecía uns custos anuais de xestión de 287.437,81€ (sen IVE).

Co obxecto de salvar esta disparidade no estudo de custos, por acordo entre as alcaldías dos dous concellos, a principios de 2014 solicitouse a Augas de Galicia que realizase un estudo técnico de custes da EDAR Calo-Milladoiro. Este estudo, realizado por IDOM, Consultora de Aguas de Galicia, e que se incorpora como ANEXO a este convenio, establece un custo de xestión total de 149.869,85 €/ ano. Neste montante inclúise o custo variable da electricidade, nese ano estimada en 41.437,36€, polo que o custe de xestión, excluída electricidade, é de 108.432,49 €/ano. Estas cifras son sen IVE.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. - Conforme os artigos 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local tódolos municipios prestarán obrigatoriamente os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento.

Conforme ó artigo 25 2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local os municipios, exercerán en todo caso, como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na materia de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais.

Segundo. - O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula a fórmula figura dos convenios e defíneos como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Entre a figura dos convenios atópanse os interadministrativos que son asinados por dous ou mais Administracións Públicas. Nos convenios interadministrativos poderase incluir a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Terceiro. - O artigo 22.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe como competencia do pleno do concello, a aprobación da forma de xestión dos servizos municipais. O artigo 47.2 do mesmo corpo legal require que o acordo plenario sexa adoptado por maioria absoluta cando se transfiran funcións ou actividades a outras administracións públicas así como a aceptación da delegación ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións públicas.

Alcaldía

Recoñécéndose mutuamente ambas partes capacidade para subscribir o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Correspónelle ó Concello de Teo a administración, control da xestión e mantemento da instalación da EDAR Calo Milladoiro, a cal levarase a cabo de conformidade co disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación

Segunda.- O obxecto do presente convenio é establecer como criterio de participación de cada concello nos gastos de xestión da EDAR Calo Milladoiro, o número de vivendas conectadas ó servizo de saneamento de cada Concello que vertan na EDAR Calo Milladoiro.

Para este fin, cada concello confeccionará anualmente unha listaxe de vivendas conectadas ó servizo de saneamento que verten á EDAR Calo-Milladoiro, con indicación do enderezo de cada vivenda conectada e titular do servizo.

Tomando en consideración o estudo realizado pola consultora IDOM a instancia de Augas de Galicia, os custos de mantemento da EDAR Calo-Milladoiro son os seguintes:


Custe fixo anual (excluída electricidade): 108.432,49€.

Custe eléctrico anual: A xustificar mediante facturas

Custo total: A suma dos dous conceptos anteriores

O custo total será asumido polos concellos de Teo e Ames na proporción do número de vivendas conectadas de cada concello (segundo se especifica no punto primeiro), criterio que se aplicará por primeira vez para os custos do 2019 que se liquidará en marzo do ano 2020.


Para os custos anteriores ao 2019 se aplicará o criterio do número de habitantes debendo o Concello de Ames aboar ao Concello de Teo as cantidades que, en aplicación deste criterio lle resulten, e que figuran como anexo I. No referido anexo figura tamén o calendario destes pagos.


Terceira.- Establecer unha actualización anual automática do convenio, revisando a porcentaxe de participación nos custos de xestión da EDAR en función do número de vivendas conectadas. Con este obxecto, cada concello elaborará un listado actualizado de vivendas que vertan á EDAR de Calo-Milladoiro a 31 de decembro de cada ano. Este listado será remitido antes do 31 de xaneiro de cada ano.


O custe fixo, excluída electricidade, actualizarase anualmente, coa variación do IPC interanual do mes de decembro de cada ano (a primeira actualización terá en conta o IPC 2018-2019). O custe variable da electricidade establecerase para cada ano a partir do consumo real do ano anterior, xustificado polo concello de Teo coas correspondentes facturas.


Quarta.- O concello de Teo remitirá ao concello de Ames, antes do 31 de marzo de cada ano, a liquidación correspondente ao ano anterior, axustándose aos criterios establecidos neste convenio. O concello de Ames procederá ao pago da liquidación presentada polo concello de Teo no prazo máximo de seis meses a partir da recepción da liquidación.

Alcaldía

Quinta.- A duración do presente convenio será de 4 anos dende a súa sinatura podendo prorrogarse de forma expresa por 4 anos mais. Para poder acordar o prórroga os concellos comprométense a realizar un estudo de custos dos gastos de funcionamento da EDAR Calo Milladoiro aos efectos de ter unha información actualizada dos custos reais de funcionamento da EDAR xa que dende o ultimo estudo realizado xa terían transcorrido mais de 10 anos.

Sexta.- Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes ou o incumprimento total ou parcial das obrigas recoñecidas no mesmo.

Sétima.- Os problemas de interpretación ou incumprimento que podan presentarse ao longo da vida do convenio constitúese unha comisión que se reunirá anualmente e estará integrada polo alcalde de cada concello (ou concelleiro no que delegue) e un técnico municipal de cada un dos concellos.

Oitava.- No suposto de causas sobrevidas ou cambios significativos con repercusión no convenio, as partes poderán acordar as modificacións que resulten precisas.

Novena.- Ambas partes comprométense ó cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación e particularmente a normativa de protección de datos de carácter persoal.

Décima.- O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que poidan xurdir con respecto á modificación, interpretación e resolución do presente convenio o serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa á que as partes se someten expresamente.

Rafael Carlos Sisto Edreira
O alcalde do Concello de Teo

Alcaldía


José M. Miñones Conde
O alcalde do Concello de Ames


ANEXO I

Anualidade	Calculo	Importe
2013	$172.634,32 \times 10/12 \times 0,3625$	52.149,95 euros
2014	$172.634,32 \times 0,3625$	62.579,94 euros
2015	$172.634,32 \times 0,3625$	62.579,94 euros
2016	$163.287,54 \times 0,3625$	59.191,73 euros
2017	$163.624,48 \times 0,3625$	59.313,87 euros
2018	Pendente de liquidación	Pendente de liquidación

Calendario de pagos:

Anualidade 2013	Antes do remate do 31 de decembro de 2018
Anualidade 2014	Antes do remate do 31 de decembro de 2018
Anualidade 2015	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2016	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2017	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2018	Antes do remate do 31 de decembro de 2020